

PROCESO DE ADMISIÓN E MATRÍCULA 2021 - 2022

Información sobre o proceso de solicitude de admisión e reserva de praza para o vindeiro curso 2021-22:

a.- Normativa reguladora do proceso de admisión do alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos:

- DECRETO 254/2012, do 13 de decembro, polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten as ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. (DOG 26-12-2012)

- ORDE do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. (DOG 15-03-2013)

- Corrección de erros. Orde do 13 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (DOG 24- 4-2013).

- ORDE do 25 de xaneiro de 2017 pola que se modifica a Orde do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. (DOG 01-02-2017)

- ORDE do 18 de decembro de 2020 pola que se modifica a Orde do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. (DOG 22-12-2020).

b.- Postos escolares ofertados para o curso 2021-22:

NIVEL	Nº DE PRAZAS
4º DE EDUCACIÓN INFANTIL	44 + 6 *
5º DE EDUCACIÓN INFANTIL	14
6º DE EDUCACIÓN INFANTIL	23
1º DE EDUCACIÓN PRIMARIA	12 + 6 *
2º DE EDUCACIÓN PRIMARIA	21
3º DE EDUCACIÓN PRIMARIA	17
4º DE EDUCACIÓN PRIMARIA	1
5º DE EDUCACIÓN PRIMARIA	0
6º DE EDUCACIÓN PRIMARIA	3

* Reservadas a disposición da administración para alumnado con necesidades específicas de apoio. De non cubrirse pasarían a outro alumnado da lista.

c.- Prazo de presentación das solicitudes de admisión: do 1 ao 22 de marzo.

Deberán presentar no colexio a solicitude segundo modelo oficial (Anexo II) que lles será facilitada no centro, tamén poderán descargala dende a nosa páxina web www.edu.xunta.gal/centros/ceipalbinonunez

ou dende a sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal/portada> (Modelo ED550B).

Tamén poden acceder á aplicación <https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado/>, alí poden cubrir o impreso, logo imprimilo e entregalo no centro debidamente asinado. Tamén poden presentalo electrónicamente. Se optan por esta opción deberán entregar no centro o código da solicitude e o DNI.

Nesta solicitude poderán indicar, por orde de preferencia, ata seis centros, que serán considerados posteriormente, no caso de que neno/a non se admita no centro.

Acompañarán á solicitude:

- Orixinal ou copia cotexada do DNI do alumno/a (se o ten), e dos seus pais

- Orixinal ou copia cotexada do Libro de Familia.

- Documento acreditativo de estar en disposición de reunir os requisitos académicos exixidos para o curso para o que solicita praza (só para alumnado de primaria).

A solicitude terá que estar asinada por calquera das/os titulares da patria potestade ou representantes legais. **No caso de separación ou divorcio será necesaria** a sinatura de ambas/os proxenitoras/es, agás que a patria potestade estea atribuída, con carácter exclusivo, a un deles. En ambos casos, será necesario presentar, xunto coa solicitude de admisión, a **resolución xudicial correspondente** para o seu cotexo polo centro educativo. No suposto de alumnado afectado por situación de violencia de xénero non será exixible o previsto no parágrafo anterior.

d.- Tal e como marca a normativa vixente, tamén lles recordamos:

1º. Que cada alumna e alumno só pode presentar unha única solicitude no centro no que solicite praza en primeiro lugar, advertindo que a infracción determinará a perda dos dereitos de prioridade que poidan corresponderlle.

2º. Que o alumnado que ten garantía de permanencia nun centro, se presenta solicitude de admisión noutro distinto deberá comunicalo, ao mesmo tempo, ao centro de orixe.

3º. Que o alumnado que ten reservada praza nun centro, se presenta solicitude de admisión noutro distinto deberá comunicar a renuncia á reserva antes do inicio do prazo de presentación de solicitudes de admisión.

e.- Prazo de presentación, se é o caso, da documentación xustificativa dos criterios de baremación alegados: 10 días hábiles contados a partir dos 2 días seguintes ao remate do prazo para presentar as solicitudes de admisión.

f.- Publicación das listaxes provisionais de admitidos e non admitidos: antes do 25 de abril.

Prazo de reclamacións das listaxes provisionais: cinco días hábiles posteriores á publicación das mesmas.

Publicación definitiva das listaxes de admitidos e excluídos: antes do 15 de maio.

g.- Prazo de formalización da matrícula: do 20 ao 30 de xuño.

h.- Centro de secundaria ao que está adscrito o noso centro: “IES EDUARDO BLANCO AMOR”.

i.- Área de influencia do centro:

Casardomato. Núcleos de poboación da área rural vinculados ó centro por transporte escolar. Vivendas limítrofes coa estación de autobuses. Dirección Vigo a partir das Torres do Pino. Toda a avenida ata a marxe esquerda da vía do ferrocarril que vai na mesma dirección de Vigo.

Áreas limítrofes: as áreas de influencia de CEIP A Ponte e CEIP Virxe de Covadonga.

l.- Servizos complementarios ofertados polo centro: servizo de comedor e transporte escolar.

- Servizo de comedor, regulado pola seguinte normativa:

-Decreto 132/2013, do 1 de agosto, polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da consellería con competencias en materia de educación (DOG 13-08-2013).

- Servizo de transporte escolar, regulado pola seguinte normativa:

- Decreto 203/1986, do 12 de xuño (DOG 9-7-1986).

- Decreto 160/1988 (DOG 27-6-1988).

- Orde do 1 de marzo de 1991 (DOG 14-3-1991).

- Orde do 29 de xullo de 1988 (DOG 1-9-1988).



- Decreto 30/2007, do 15 de marzo (DOG 16-3-2007).

- Orde do 17 de marzo de 2007 (DOG 19-3-2007).

-Tamén conta co servizo de acollida temperá organizado pola ANPA do centro*: de 8:00 ata o comezo das clases.

* Sempre e cando haxa como mínimo 5 nenos/as que se acollan a este servizo.

Ourense, 24 de febreiro de 2021

O director

